

---

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DA ESCOLA TÉCNICA  
SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CELEBRADA O XOVES, DÍA 15 DE MAIO DE  
2014**

---

De acordo co establecido na orde do día, a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión extraordinaria e na segunda convocatoria ás 12:45 horas do xoves día 15 de maio de 2014, coa seguinte orde do día:

- 1) Lectura e aprobación, no seu caso, de actas de reunións anteriores.
- 2) Informe do Director
- 3) Peche do exercicio de 2013
- 4) Presuposto 2014
- 5) Calendarios Académicos
- 6) Fórmula para a calificación final nas titulacións da Escola
- 7) Elección dun representante na Fundación da Enxeñería Civil de Galicia
- 8) Quenda aberta de palabra

**ASISTEN OS SEÑORES:**

**PROFESORES VINCULACIÓN PERMANENTE**

Acinas García	Juan Román
Anta Álvarez	José
Baldomir García,	Aitor
Barrientos Rodríguez	Víctor
Carro López,	Diego
Colominas Ezponda	Ignasi
Díaz García	Jacobo Manuel
Domínguez Pérez,	Xabier Eduardo
Eiras López,	Javier
Fé Marques	Jaime
Fontán Pérez	Arturo Norberto
Fuentes García	Luis
Galán Díaz	Juan José
González Fonteboa	Belén
Hernández Ibáñez	Luis Antonio
Hernández Ibáñez	Santiago
Herrador Barrios,	Manuel Francisco
Jácome Burgos	Alfredo

Martínez Lage	Isabel
Navarrina Martínez	Fermín Luis
Nieto Mourente	Félix
Nogueira Garea	Xesús Antón
Novalés Ordax	Margarita
Padilla Benítez	Francisco
Paris López,	Jose
Pena Mosquera	Luis
Puertas Agudo	Jerónimo
Rdrez.-Vellando Fdez.- Carvajal	Pablo
Rodríguez Bugarín	Miguel Domingo
Romera Rodríguez	Luis Esteban
Samper Calvete	Francisco Javier
Taboada Vázquez,	Raquel
Toledano Prados	Mar
Varela García	Francisco Alberto
Vasallo Rapela	Alejandro Manuel
Vázquez Herrero	Cristina Mercedes

**RESTANTES CATEGORÍAS PDI**

Martínez Díaz	Margarita
Soage Quintáns	Manuel Andrés
Villar Ferrer	Juan

**ESTUDANTES**

Espasandín Lacalle	Raúl
Gómez Meijide	Breixo
Rojo López	Gemma
Salgueiro Rodríguez	Severino
Valeiro Muíño	Miguel

**PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

Cartamil Obelleiro	Carmen
Lafuente Paulos	Marta
Pintos Señorans	Silvia
Roel Vilas	M. Pilar

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como secretario o Sr. Diego Carro.

## **1. Lectura e aprobación, no seu caso, de actas de reunións anteriores.**

As actas enviaranse previamente. Non hai comentarios.

Apróbanse

## **2. Informe do Director**

O Director comeza co seu informe falando sobre o persoal da Escola, informa de que o profesor Luis Carmona se xubilou no mes de abril. No que respecta ó persoal de biblioteca houbo un cambio de asignación e prevese que haxa algún mais.

O seguinte tema que se trata son as recentes eleccións no Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos. Elexiuse como Decano a Ricardo Babío Arcay e a Antonio López Blanco como Vicedecano, ambos profesores da Escola. O Director transmite a súa felicitación ós cargos saíntes e expresa o seu apoio ós novos representantes.

En cuestións relacionadas coa docencia, o Director informa da recepción do informe do VERIFICA do máster de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos. Trátase dun informe provisional pero de carácter positivo, e no que das cuestións substanciais non houbo comentarios, aínda que si que houbo de cuestións menores, as cales se respostarán.

A tramitación do PDA aprobado en Xunta de Escola foi positivo con excepcións xa que foi necesario introducir unha modificación trala negociación coa Reitoría. Os únicos cambios que foi preciso introducir foron no número de grupos de prácticas en 4 optativas, onde a Reitoría propuxo un único grupo en vez de dous. Tamén se propoñía eliminar unha materia que non tivera estudantes o curso anterior, sen embargo alcanzouse un acordo para que continúe a ofertarse.

Continúa o informe tratando os avances no Edificio da Área Científica, ó cal solo lle faltaban elementos da instalación eléctrica. Tamén se estaba colocando o mobiliario. A información dispoñible sería a súa apertura en setembro polo que deberíamos contar con el no curso 2014/2015.

Respecto a actividades de divulgación e publicidade da Escola, o Director explica que durante os últimos meses se fixo unha campaña intensa de promoción da Escola, agradece a colaboración e participación dos membros da Escola nestas iniciativas e vai detallando estas actividades, que foron:

- Visitas de colexios e institutos á Escola.
- Presentación da Escola e as súas titulacións a colexios e institutos de Galicia por profesores e estudantes.
- Envío de dípticos a colexios e institutos de Galicia, León e Asturias.
- Exposición en EDUGAL.
- Día de ciencia na rúa na cidade da Coruña.

Continúase co Plan Estratéxico da Escola, cede a palabra ó profesor Juan José Galán, quen explica que desde o plan estratéxico da UdC se estableceu que cada centro ha de ter o seu plan estratéxico, o cal deberá estar integrado no SGIC. Está en desenvolvemento.

Intervén o profesor Manuel Herrador para expoñer información sobre o International Summer School. Son cursos que se realizan en agosto durante 3 semanas impartidos por profesores visitantes. Estes cursos pódense validar por unha optativa, o que supón, no caso da Escola que se poidan convalidar ata 4,5 créditos. Hai unhas suxerencias desde a UdC sobre que cursos están recomendados para cada centro.

Intervén o profesor Juan Acinas, consultando sobre a orixe e organización desta actividade. Resposta o profesor Manuel Herrador indicando que houbo un “call for proposals” e que tras iso viñeron profesores invitados de varios países.

## **3. Peche do exercicio de 2013**

O Director presenta e explica o documento previamente enviado, ademais comenta que xa se presentou tamén á comisión permanente. Executouse todo o gasto coa excepción de unhas pequenas cantidades residuais por cuestións do IVE.  
Apróbase

## **4. Presuposto 2014**

O Director presenta e explica o documento previamente enviado. Engade que este presuposto é cambiante xa que se fan incorporacións ó longo do ano por cursos e conferencias. Fai ademais a comparativa co presuposto de 2013 detallando as variacións en cada unha das partidas. Sinala unha redución global de 6% no capítulo 2 e no que respecta ó capítulo 6, parece que aumenta cando non é así, dado que desde este exercicio, asignacións destinadas tradicionalmente ós departamentos trasladáronse ós centros, e polo tanto están incluídas.

Recorda tamén que a Comisión Permanente recibe unha actualización mensual da evolución do gasto.

Apróbase

## **5. Calendarios Académicos**

O Director cede a palabra ó xefe de estudos, Aitor Baldomir, que explica o documento do calendario. As clases do primeiro cuatrimestre comezan o 8 de setembro, e no segundo cuatrimestre, o 27 de xaneiro. Isto representa 74 días de clase para o primeiro semestre e 69 para o segundo. Aparte dese desequilibrio hai moitos luns festivos, polo que tamén se reducen as horas. Para aliviar isto, plantexase estirar as clases ata o 19 de maio. Ademais de trasladar o día de Santo Domingo de la Calzada en vez de ó luns día 11 de maio ó venres 15 de maio.

Intervén o profesor Casteleiro dicindo que poderíamos facer que os dous últimos días de curso tivesen horario de luns para recuperar as clases. Responde o profesor Aitor Baldomir, dicindo que pode crear bastante confusión.

Intervén o estudante Raúl Espasandín dicindo que se hai clase o 18 e 19 de maio, esa mesma semana xa comezarían os exames. Responde o profesor Aitor Baldomir, expoñendo que de non facelo comprimiríanse os exames nas semanas seguintes.

Intervén o estudante Severino Salgueiro dicindo que nos exames de grao hai 17 días de exame, na segunda oportunidade de grao 15 días, e no caso das titulacións antigas en setembro só 10 días. Responde o Director dicindo que este prazo é curto pero débese ás datas de peche de actas.

Apróbanse

Tras isto, a comisión docente comezará a preparar os horarios do curso 2014/2015.

## **6. Fórmula para a calificación final nas titulacións da Escola**

O Director explica que no ano 1997 cando acabaron as primeiras promocións preparouse unha fórmula para calcular a nota cualitativa que consta no título: Aprobado, Notable, Sobresáinte e Matricula de Honra. Esta fórmula fora preparada polos profesores Ignasi Colominas, Fernando Martínez e Jerónimo Puertas. Trátase dunha fórmula complexa e que inclúe moitos datos, entre outros, a media de toda a promoción.

Actualmente, cando na Escola se emite un certificado de pago de taxas de expedición de título, este documento precisa incluír a nota cualitativa que se incluírá nese título. A fórmula empregada ata agora non permite facer isto ata que remate toda a promoción, xerando retrasos no trámite dos títulos. Por tanto precisase unha nova fórmula que permita obter esta cualificación para dar trámite ós expedientes. O Director sinala que, non obstante, para cuestións oficiais como concursos competitivos tense en conta a nota media do expediente que se calcula segundo a normativa xeral.

Toma a palabra o profesor Aitor Baldomir, que explica a proposta de formulación, indicando que permite desbloquear a tramitación dos títulos dado que non precisa que conclúa toda a promoción. Ademáis esta proposta premia ós bos expedientes sen incluír penalizacións. Estableceuse que a nova fórmula incluíse o mínimo número de variables, sendo a variable mais importante a duración da carreira. Quen se gradúe en 6 anos ou mais no grado, obterá un factor multiplicativo de 1, pero se remata antes, si ten un factor amplificador que se aplica a esta nota. Esa nota numérica ponderada tradúcese á nota cualitativa que se aplica ó trámite do título.

Fixéronse comparativas con promocións anteriores, e a correlación coa formulación anterior sería superior a 0,85.

Intervén a profesora Cristina Herrero, consultando cantos estudantes se espera que rematen en xuño, resposta o profesor Aitor Baldomir informando que ata ese momento o dato dispoñible é que uns 20 en GTECIC e uns 40 en GIOP están matriculados en TFG.

Intervén a continuación o profesor Jaime Fé preguntando cal é a fórmula coa que se calcula a media actualmente, a isto responde Director dicindo que simplemente pondera os créditos, non ten en conta o tempo preciso para o remate da titulación.

Intervén o profesor Juan Acinas, preguntando se se ten feita unha comparativa con outras enxeñerías en Galicia e tamén con outras carreiras da comunidade. Responde o Director indicando que ven sendo habitual que as medias deste tipo de titulacións acostuman ser máis baixas. Nalgunhas becas hai un factor de ponderación para estas titulacións.

Apróbase

## **7. Elección dun representante na Fundación da Enxeñería Civil de Galicia**

O Director recorda que no mes anterior o profesor Luis Carmona se xubilou, e informa de que el era un dos representantes da Escola no Comité de Dirección da Fundación da Enxeñería Civil de Galicia. Os dous representantes da Escola sempre foron un profesor a tempo completo e outro asociado con dedicación parcial. O de tempo completo actualmente é Fernando Martínez polo que corresponde elixir un representante con dedicación parcial. O Director informa de que fixo unha sondaxe nese colectivo e propón ó profesor Andrés Soage. Continúa cun resumo do currículo deste profesor asociado.

Elíxese ó profesor Andrés Soage como representante da Escola no Comité de Dirección da Fundación da Enxeñería Civil de Galicia.

## **8. Quenda aberta de palabra**

Intervén o profesro Andrés Soage expresando o seu agradecemento á Xunta de Escola pola confianza depositada nel.

O Director informa de que o día seguinte habería un concerto nesa mesma sala de grados dun cuarteto de corda e anima ós presentes a asistir.

Non hai mais intervencións.

A sesión da Xunta de Escola finaliza ás 13:51 horas do xoves día 15 de maio de 2014.

**Vº. Bº.**

**Ignasi Colominas Ezponda**  
**Director**

**Diego Carro López**  
**Secretario Académico**